

IES A GUÍA

PLAN ACOLLIDA E APOIO EDUCATIVO PARA ALUMNADO ESTRANXEIRO

Departamento de Orientación
Xaneiro 2025



Índice

1. Introducción	2
2. Obxectivos	2
3. Actuacións principais	3
A. Admisión e matrícula:	3
B. Incorporación e acollida no centro educativo:	3
4. Medidas educativas	5
5. Propostas para a inclusión	7
6. Referencias de interese	7
ANEXOS	10
Anexo 1	10
Anexo 2	11
Anexo 3	13
Anexo 5	15

1. Introducción

A diversidade cultural é un dos grandes valores que enriquecen a nosa sociedade e, por extensión, as nosas aulas. No contexto educativo, a chegada de alumnado estranxeiro supón unha oportunidade única para fomentar a interculturalidade, a tolerancia e o respecto mutuo, ao mesmo tempo que se garante unha educación inclusiva e de calidade. Porén, este proceso require planificación, sensibilidade e a implicación de toda a comunidade educativa para asegurar que o alumnado recién chegado se sinta benvido, valorado e plenamente integrado, tanto no ámbito académico como no social.

O presente Plan de Acollida de Alumnado Estranxeiro ten a finalidade de acompañar este alumnado no seu proceso de adaptación ao centro educativo e á nova contorna. Este plan ten como obxectivo principal crear un espazo acolledor e seguro que facilite a inclusión plena, tendo en conta tanto as súas necesidades educativas e lingüísticas como os aspectos emocionais e sociais que poden xurdir ao atoparse nunha situación de cambio e adaptación.

Neste sentido, o plan articúlase en **varias etapas e accións que implican tanto o profesorado como o equipo de orientación, o persoal non docente, o alumnado e as familias**. Traballaremos de xeito colaborativo para proporcionarlles información clara, ferramentas de apoio e un seguimento continuo.

Ao mesmo tempo, este Plan de Acollida busca fomentar a sensibilización da comunidade educativa sobre a importancia da diversidade, convertendo o noso centro nun exemplo de convivencia enriquecedora, onde todas as persoas, independentemente da súa orixe, poidan desenvolver todo o seu potencial.

2. Obxectivos

- 1. Facilitar a adaptación inicial do alumnado estranxeiro ao centro educativo e á súa contorna sociocultural**, asegurando un proceso de acollida organizado, acolledor e inclusivo.
- 2. Previr o absentismo e o abandono escolar temperán** mediante accións de seguimento personalizadas e medidas de apoio educativo e emocional.

3. Promover o éxito académico a través da implementación de medidas específicas de atención á diversidade, como o grupo de adquisición de linguas, reforzo educativo, grupo de adquisición da competencia curricular, etc.

5. Establecer canles efectivas de comunicación e colaboración coas familias ou responsables legais do alumnado, proporcionándolles información clara sobre o funcionamento do centro e recursos dispoñibles.

6. Coidar o benestar emocional do alumnado estranxeiro, ofrecendo apoio psicolóxico e creando un ambiente escolar seguro e respectuoso.

7. Definir e sistematizar as fases do proceso de acollida, desde a incorporación inicial ata a integración completa do alumnado, coa participación activa dos axentes educativos.

9. Fortalecer a coordinación entre os diferentes axentes implicados no proceso de acollida, tanto internos (profesorado, equipos de orientación, persoal titor) como externos (servizos sociais, asociacións).

10. Garantir o acceso a recursos e materiais pedagóxicos específicos que favorezan a aprendizaxe e a inclusión educativa do alumnado.

3. Actuacións principais

A. Admisión e matrícula:

A.1. ESO e BAC

- Solicitud de escolarización empregando os modelos pertinentes.
- **Formalización da matrícula no centro educativo:** a **secretaría** do centro, axudará a cumprimentar a matrícula e proporcionará toda a documentación precisa (autorizacións para imaxes, saídas á contorna, recollida do alumnado...). Tamén facilitará a información sobre transporte e fondo solidario de libros.

A.2. FP

- Solicitud de matrícula a través do asistente informático. Unha vez publicada, a persoa interesada formalizará a matrícula no centro educativo no prazo establecido.

B. Incorporación e acollida no centro educativo:

B.1. ESO e BAC

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1. Recorrido polo instituto, explicación do horario, axenda (1º, 2º e 3º da ESO)
2. Avaliación inicial
3. Valoración das medidas psicoeducativas pertinentes
4. Contacto con servizos sociais ou de saúde de considerarse necesario
<https://politicasocial.xunta.gal/gl/temas/inclusion-social/servizos-sociais-comunitarios>
5. Realización dunha reunión informativa co equipo docente para o traslado da información.

EQUIPO DIRECTIVO

Asignación do alumnado a un grupo co asesoramento da xefatura do DO e tendo en conta os criterios recollidos no PE e no PXAD.

PERSOA TITORA

1. Información ao alumnado da aula da chegada dunha persoa nova.
2. Preparar algunha dinámica de presentación (*Anexo 1*)
3. Establecer unha persoa adulta de referencia no centro (recoméndase titor/a ou coord. De benestar – orientadora).

Seguimento: realizarase unha reunión trimestral entre o equipo docente, xefatura de estudos e o Departamento de Orientación, para realizar o seguimento das medidas e establecer, de ser o caso, outras novas.

Para recoller a información básica precisa, facilítanse os *Anexos 2 e 3*.

B.2. FP

PERSOA TITORA en colaboración con Xefatura do Departamento de Orientación

1. Diagnóstico inicial do alumnado:
 - Recompilar a información básica do alumnado
 - Identificar a experiencia previa e as competencias relacionadas co ciclo formativo (*formación técnica no país de orixe, habilidades prácticas, experiencia laboral*).
 - Detectar necesidades educativas ou sociais específicas.
2. Avaliación do nivel de dominio do idioma: identificar as barreiras na comprensión e expresión. Tamén recomendable realizar unha valoración do vocabulario técnico relacionado co ámbito profesional. Aquí facilitamos enlaces con propostas de probas para a avaliación. (*Anexo 4*)

- Avaliación de castelán:

https://londres.cervantes.es/imagenes/prueba_de_nivel.pdf

<https://ciantoniomachado.com/tests-de-nivel/prueba-de-nivel-a1-a2-2/>

- Avaliación de galego:

https://portal.uned.es/GestionGuiasCuid/pruebadenivel/gallego/contenidos/autoevaluaciones/prueba_nivel_gallego.htm

3. Información sobre requisitos legais:

- Trámites administrativos fundamentais (registro de residencia, obtención de permisos, tramitación do seguro de saúde).

4. Asesoramento sobre homologación de titulacións

4. Medidas educativas

MEDIDAS EDUCATIVAS ESO E BACHARELATO	
Grupo de adquisición das linguas	• Para o alumnado que descoñeza as dúas linguas oficiais de Galicia. • Duración: un trimestre (Inspección pode autorizar máis). • Organización: alumnado da mesma etapa pero pode ser de cursos diferentes. • Horario: máximo 24 períodos lectivos semanais. • Profesorado: preferentemente de linguas. Coordinarase coa persoa titora e con xefatura do DO.
Grupo adaptación da competencia curricular	• Alumnado sen AC con desfase de dous ou máis cursos nas áreas instrumentais. • Duración: pode ser ao longo de todo o curso escolar. • Organización: alumnado da mesma etapa pero pode ser de cursos diferentes. • Horario: máximo 10 períodos lectivos semanais • Profesorado: preferentemente das especialidades. Coordinarase coa persoa titora e con XDO.
Escolarización un curso inferior do que lle	1. Avaliación inicial por parte do profesorado. 2. De ser necesario, avaliación psicopedagóxica por XDO.

corresponde por idade	3. Se hai desfase de máis de dous cursos, poderase escolarizar un curso por debaixo. Se supera o desfase, deberá volver ao correspondente por idade. 4. Comunicación a Inspección.
Exención temporal da cualificación da lingua galega	• Proceder doutra CCAA ou país. NON terá dereito o alumnado que tivese realizado estudos en Galicia fai tres anos ou menos. • Duración: máximo de 2 cursos consecutivos. • Asistirá a clase coa finalidade da adquisición da lingua. • Procedemento: solicitude dos proxenitores a dirección. • Prazos: 1 setembro ao 5 de outubro na ESO; 1 setembro 20 outubro bacharelato / 20 días posteriores á súa incorporación.

MEDIDAS EDUCATIVAS FORMACIÓN PROFESIONAL	
Apoio académico e profesional	• Sesións informativas sobre o sistema educativo e toda a información relacionada coa FP.(<i>Anexo 5</i>). • Traballar por proxectos e con apoio de ferramentas dixitais (vídeos, simulacións virtuais, etc.).
Apoio lingüístico	• Glosarios técnicos • Aplicacións de tradución • Plataformas de subtitulado: PROXECTO VETINEN • Orientación en formación de idiomas: cursos de español e galego para migrantes da EPAPU e da EOI.
Inclusión sociocultural e profesional	• Actividades de inclusión cultural, programas de mentoría, colaboración con entidades externas.
Apoio administrativo e legal	• Asesoramento para a obtención do NUSS. • Asesoramento sobre bolsas e axudas. • Orientación cara ás Oficinas do Retornado.

5. Propostas para a inclusión

A nivel de centro:

- Celebración de xornadas de visibilización: por en valor as diferentes nacionalidades que existan no centro.
- Plan de Formación Permanente do Profesorado
- Proxectos interculturais
- Sensibilización e difusión: dereitos da infancia, tolerancia, igualdade entre culturas.
- Redes de apoio: familias acolledoras.
- Apoios visuais: cartelería bilingüe e con apoio visual. Identificación dos espazos do centro con pictogramas.
- Tempo de lecer: xogos tradicionais de diferentes países.

A nivel de aula:

- Guía de Benestar Emocional Xunta.
- Alumnado acompañante.
- Apoios e recursos:
 - Apoios tecnolóxicos (traductor).
 - Cancións con vocabulario.
 - Fichas de vocabulario.
 - Diversidade cultural a través da xeografía.
 - Taboleiros básicos de comunicación con pictogramas.

6. Referencias de interese

Axudas

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/axudas>

Escolarización

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/escolarizacioneadmision>

Aula intercultural

<https://aulaintercultural.org/materiales/experiencias-interculturalidad/>

Información xeral sobre homologación e convalidación de títulos e estudos estranxeiros non universitarios

<https://www.edu.xunta.gal/hovaes/>

<https://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/16186>

Observatorio español de racismo e xenofobia

<https://www.inclusion.gob.es/oberaxe/es/index.htm>

Observatorio estatal da convivencia escolar

<https://www.educacionyfp.gob.es/mc/sgctie/convivencia-escolar.html>

Pictogramas e recursos para a comunicación aumentativa e alternativa

<https://arasaac.org/>

Guía de bienestar emocional

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/bienestar_emocional_2021.pdf

Portal educativo familias e alumnado

<https://www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado>

Programa de ensinanza de lingua árabe e cultura marroquí (PLACM)

Materiais e recursos

<https://www.educacionfpydeportes.gob.es/va/mc/lengua-arabe-cultura-marroqui/materiales-y-recursos.html>

Servizos sociais Vigo

- Plaza do Rei S/N: 986810138; ofi.bienestar@vigo.org
- Unidade Traballo Social Teis: Rúa Doutor Corbal 23. 986 27 36 06

Servizos sociais Redondela

- Avenida Redondela 17, Chapela. 986 40 03 00 / coordinacionservizossociais@redondela.gal

Revista galega do ensino (EDUGA): Proxecto conecta cultura

<https://www.edu.xunta.gal/eduga/1557/plan-proxecta/conecta-cultura>

ANEXOS

Anexo 1

Actividades de presentación

Círculo de Diálogo: Benvida ao novo/a compañeiro/a

1. Benvida e presentación:

Profe: Introdución do círculo, lembramos as normas e como se desenvolve.

A continuación presentamos o círculo: *Hoxe estamos aquí para darlle a benvida a [Nome do alumno/a] que chega á nosa clase. Este é un espazo onde todos podemos compartir as nosas ideas e sentimentos de maneira respectuosa e ordenada, empregando o obxecto da palabra.*

Para romper o xeo: empezaremos por presentarnos e dicir o noso nome e algo característico de cada quen. *(Cada alumno/a di o seu nome e algo que lle gusta ou algo que quere compartir)*

2. Preguntas restaurativas:

Profe: *Agora imos facer algunhas preguntas para reflexionar sobre como podemos ser un mellor grupo para [Nome do alumno/a].*

- **Que resaltarías en positivo de vivir en Vigo/vir a este instituto/estar nesta clase?**
- **Que pensas que é importante para que [Nome do alumno/a] se sinta ben e benvido/a nesta clase?**
- **Que podemos facer todos/as para que [Nome do alumno/a] se sinta parte do grupo?**

3. Reflexión final e peche:

Profe: *damos espazo ao alumno novo por se ten algunha pregunta ou quere facer algunha aportación/petición ao grupo. Profe: grazas a todos e todas por participar. Recordade que, como grupo, o máis importante é que nos axudemos mutuamente e que todos nos sintamos parte deste espazo. Agora que todos nos coñecemos un pouco mellor, temos moitas máis ferramentas para facer de esta aula un lugar onde todos podamos aprender e crecer.*

Máis actividades de presentación:

<https://drive.google.com/file/d/1gxGQbDPRb0U02btLWtaemG7nRRHfA9Yb/view>

Tamén podedes consultar material no Departamento de Orientación o na Aula Virtual – curso Plan Acción Titorial.

Anexo 2

Modelo recollida inicial de información

DATOS PERSOAIS	
Nome e apelidos do alumno/a:	Data de nacemento:
País de procedencia	Nacionalidade(s):
Teléfono de contacto:	Domicilio:
Nome da nai, pai, titor/a legal:	Nome da nai, pai, titor/a legal:
Nº de irmáns:	Idades dos/as irmáns:
Outras persoas coas que convive:	Disposición dalgunha rede de apoio:
Problemas de saúde diagnosticados:	Alerxias ou intolerancias:

DATOS DE ESCOLARIZACIÓN	
Nivel educativo cursado:	Repeticións:
Último centro no que cursou estudos:	Linguas estudadas:
Dificultades de aprendizaxe diagnosticadas:	Idade de inicio de escolarización:
Idioma vehicular da familia:	Outras linguas coñecidas pola familia:
Outras linguas coñecidas polo/a alumno/a	Nivel de dominio das linguas oficiais de Galicia por parte do alumno/a

DATOS COMPLEMENTARIOS

Precisa uso de transporte:	Disposición de medios e recursos didácticos no fogar:
Disposición de conexión a Internet:	Entidades externas asociadas:

OUTRAS OBSERVACIÓNS

Anexo 3

Esquema do sistema educativo (versión xenérica)

Estará dispoñible un Genially do noso centro educativo no Departamento de Orientación

Enseñanzas del Sistema Educativo Español



Anexo 4

Probas avaliación inicial

Avaliación de castelán:

https://londres.cervantes.es/imagenes/prueba_de_nivel.pdf

<https://ciantoniomachado.com/tests-de-nivel/prueba-de-nivel-a1-a2-2/>

Avaliación de galego:

https://portal.uned.es/GestionGuiasCuid/pruebadenivel/gallego/contenidos/autoevaluaciones/prueba_nivel_gallego.htm

Segundo o acordado na CCP, os departamentos de matemáticas, lingua castelá e inglés, elaborarán probas propias.

Anexo 5

Material apoio sesións informativas FP

Facilitamos os seguintes enlaces de especial interese:

Mapas de oferta de Formación Profesional: <https://www.mapasfp.gal/>

Folletos informativos das distintas familias profesionais:

<https://www.edu.xunta.gal/fp/folletos/web/portada>

Portal web de Formación Profesional de Galicia: <https://www.edu.xunta.gal/fp/ven-fp>

Portal web de Todo FP: <https://todofp.es/que-estudiar.html>

Portal web de ensinanzas artísticas: <https://www.edu.xunta.gal/portal/node/2535>

Portal web de ensinanzas deportivas:

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/actualizacion_de_normativa_2024_09_10_0.pdf

Outros recursos:

- **Asistente FP 24/7:** sistema de orientación baseado en IA especializado en FP. (en creación)
- Difusión das ensinanzas profesionais en distintos idiomas.